

## O PSdeG de Vilalba preguntará no pleno sobre a conexión eléctrica dunha nave da Xunta coa dunha empresa privada na que ten intereses un concelleiro

**Os socialistas quieren coñecer se é certa a información de que unha nave con actividade da Consellería de Medio Rural no polígono industrial está entregando fluído eléctrico directo á nave contigua, dunha empresa de formación coa que ten relación o concelleiro Iván Fernández Hermida**

O PSdeG de Vilalba preguntará no próximo pleno municipal ao concelleiro de Desenvolvemento Local, Emprego e Medio Rural sobre a conexión trifásica existente nunha nave do polígono industrial na que opera unha empresa de formación na que ten intereses particulares. Segundo a información que foi facilitada ao grupo municipal socialista, tal e como explica o seu voceiro, Eduardo Vidal, a nave contigua, con actividade da Consellería de Medio Rural, podería estar entregándolle fluído eléctrico directo a esta empresa privada.

“Queremos que nos aclare se somos todos os galegos e galegas os que estamos a pagar o consumo de enerxía eléctrica trifásica ás devanditas instalacións do polígono industrial vilalbés, pois a sociedade asentada nelas, FORMA-T 2011 S.L, na que ten intereses declarados o edil vilalbés, tería realizado unha conexión trifásica directa cunha segunda nave contigua que está ocupada por efectivos da Consellería de Medio Rural”, explica Vidal.

### Intereses persoais

O socialista lembra que “na Comisión de Urbanismo celebrada o 18 de decembro de 2012 foi o propio concelleiro, alegando intereses persoais, o que se ausentou á hora de tratar a licenza para a implantación do centro de formación de ensinanzas diversas solicitada para dito inmovible”. É por isto que na vindeira sesión plenaria o PSdeG local pedirá, entre outras cuestións, que se aclare cales son os intereses deste concelleiro ao respecto da empresa asentada nesa nave industrial.

“Xa non é a primeira vez que o grupo socialista denuncia publicamente actuacións deste concelleiro nas que tería aproveitado a súa influencia no goberno vilalbés en beneficio tanto dos seus intereses persoais como dos seus achegados. Confiamos en que, de xeito exemplarizante, o propio alcalde tome medidas no asunto, ao igual que os cargos representativos das administracións competentes, especialmente os responsables da Consellería de Medio Rural, pois estarían facilitando o enchufe trifásico a un negocio no que ten intereses un concelleiro do PP”, afirma o socialista.

Desde o PSdeG lembran que “son xa demasiados os casos nos que edís do goberno vilalbés terían actuado en beneficio propio, e con manifesta incompatibilidade dos seus cargos, e sempre co beneplácito do alcalde, do presidente do PP vilalbés e dos máximos responsables do partido, sen que pase nada”, en relación aos recoñecidos contratos públicos a empresas relacionadas cos tamén concelleiros García-Leira e Vázquez Otero.